

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 28 de outubro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego

**Invitados**

D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día vinte e oito de outubro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1045).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1046).- PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE CAMPOS DE FÚTBOL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 14229/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/10/16 e o informe de fiscalización do 27/10/16, dáse conta do informe-proposta do 27/10/16,

do xefe da área de Inversións-Servizos Xerais, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

**“1.- ANTECEDENTES.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria e urxente do 08 de xullo de 2015, entre outros asuntos aprobou o expediente PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DO TERMINO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 14229/333.

O Citado convenio foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra en sesión ordinaria do 19 de xuño de 2015.

O convenio foi asinado polas partes con data 8 de xullo de 2015, e de forma xeral o mesmo establece as pautas de colaboración entre ambas institucións para a cofinanciación das actuacións para a realización das obras de mantemento e conservación nos campos de fútbol do termino municipal de Vigo, recollidos no propio convenio nun anexo I, cuxa sínteses económica se corresponde cos seguintes importes:

| <i>Créditos para actuacións nos campos de fútbol de titularidade municipal</i> |                         |                              |
|--|-------------------------|------------------------------|
| <i>Anualidades</i>   | <i>Concello de Vigo</i> | <i>Deputación Pontevedra</i> |
| 2015   | 289.860,00 €            | 289.860,00 €                 |
| Total:   | 289.860,00 €            | 289.860,00 €                 |

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 29 de decembro de 2015 aprobou a ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE CAMPOS DE FÚTBOL NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO”. EXPTE. 14229/333, a cal regula no apartado primeiro “Aprobar unha prórroga, ata o 31 de outubro de 2016, para a vixencia do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a realización das obras de mantemento e conservación nos campos de fútbol do término municipal de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de xullo de 2015 e asinado na mesma data”.

**2.- DESENVOLVEMENTO DO CONVENIO:**

As actuacións previstas no convenio e na addenda, atópanse no seguinte estado de execución:

**EXPEDIENTES TRAMITADOS, ADXUDICADOS e EXECUTADOS:**

I.- EXPEDIENTE 14406/333. CONTRATO MENOR OBRAS MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL A BOUZA, SANTA MARIÑA, SÁRDOMA, A GUÍA EN BASE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

- Importe de licitación: 58.120,01 €
- Adxudicación: 50.820,00 €
- Adxudicatario: INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES ,SL

### EXPEDIENTES EN TRAMITACIÓN:

I.- EXPEDIENTE: 14634-333. APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 23 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

1.- "Aprobar o PROXECTO DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA, redactado polos servizos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra e asinado pola enxeñeira D<sup>a</sup> Belén Pampín Camino e conformado polo director de infraestruturas en funcións, D. Manuel González Juanatey. Este proxecto, que conta co informe favorable do arquitectos D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, dependentes da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, ten un orzamento base de licitación de 78.582,65 € (setenta e oito mil cincocentos oitenta e dous euros con sesenta e cinco céntimos)".

II.- EXPEDIENTE: 14636-333. APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 23 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo

1.- "Aprobar o PROXECTO DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO NO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO, redactado polos servizos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra e asinado pola enxeñeira D<sup>a</sup> Belén Pampín Camino e conformado polo director de infraestruturas en funcións, D. Manuel González Juanatey. Este proxecto, que conta co informe favorable do arquitectos D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, dependentes da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, ten un orzamento base de licitación de 52.990,39 € (cincoenta e dous mil novecentos noventa euros con trinta e nove céntimos)".

III.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE COMESAÑA E MEIXOEIRO. EXPTE. 14667/333.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de marzo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a contratación a través de procedemento aberto por lotes e tramitación ordinaria das obras dos proxectos seguintes:

\* LOTE Nº 1: "PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA", cun orzamento base de licitación de SETENTA E OITO MIL CINCOCENTOS OITENTA E DOUS MIL EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (78.582,65 €).

\* LOTE Nº 2: "PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO", cun orzamento base de licitación de CINCOENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS NOVENTA EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (52.990,39 €).

*Segundo: aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 1/03/2016.*

*Terceiro: autorizar o gasto por un importe máximo de 131.573,04 € (cento trinta e un mil cincocentos setenta e tres euros con catro céntimos), sendo o importe correspondente ao IVE o de 22.834,99 € (vintedous mil oitocentos trinta e catro euros con noventa e nove céntimos), con cargo a partida na partida 3410.632.00.14 "INVESTIMENTOS MELLORA EN C. DE FUTBOL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.*

*Cuarto: abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

#### **PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO LOTE 2 DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE COMESAÑA E MEIXOEIRO (2 LOTES). EXPTE. 14667/333**

*a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de setembro de 2016, adoptou os seguintes acordos:*

*"Adxudicar a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras do Lote 1. "Reparación e mantemento no campo de fútbol de Comesaña" coas seguintes condicións:*

- O prezo total do contrato é de 62.001,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.760,63 euros.*
- O prazo de garantía increméntase en 96 meses.*

*De acordo co proxecto de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en 3 meses.*

*"Adxudicar a DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras do Lote 2. "Reparación e mantemento no campo de fútbol de Meixoeiro" coas seguintes condicións:*

*–O prezo total do contrato é de 43.681,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.581,00 euros.*

*–O prazo de garantía increméntase en 96 meses.*

*De acordo co proxecto de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en 2 meses.*

#### **IV.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA, EN BASE AO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15061/333.**

*O proxecto para as OBRAS DE INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA, CONCELLO DE VIGO, foi redactado polos Enxeñeiros da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Manuel González Juanatey e D<sup>a</sup> Belén Pampín Camino, de acordo co proxecto de data abril de 2016 e que se anexa ao expediente 15061-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de douscentos catro mil seiscentos setenta e sete euros con coarenta céntimos -204.677,40 €.- O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS meses.*

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 20 de maio de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar o proxecto para as OBRAS DE INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA, CONCELLO DE VIGO, foi redactado polos Enxeñeiros da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Manuel González Juanatey e D. Belén Pampín Camino, de acordo co proxecto de data abril de 2016 e que se anexa o expediente 15061-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de DOUSCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS -204.677,40 €.-

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15119/333.

a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto seguinte:

\* "PROXECTO DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA", cun orzamento base de licitación de DOUSCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS (204.677,40 €), sendo o importe correspondente o IVE o de TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS VINTEDOUS EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS (35.522,52 €.).

Segundo: aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral, D<sup>a</sup> Ángela Fernández López, asinado con data 16/06/2016.

Terceiro: autorizar o gasto por un importe máximo de 204.677,40 € (douscentos catro mil seiscentos setenta e sete euros con coarenta céntimos), sendo o importe correspondente ao IVE o de 35.522,52 € (trinta e cinco mil cincocentos vintedous euros con cincoenta e dous céntimos), con cargo a partida na partida 3410.632.00.14 "INVESTIMENTOS MELLORA EN C. DE FUTBOL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Cuarto: abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

V.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DO MONTE DA MINA, EN BASE AO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15065/333

a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 20 de maio de 2016, adoptou o seguinte acordo

Aprobar o proxecto para as OBRAS DE INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL "MONTE DA MINA", CASTRELOS, CONCELLO DE VIGO, foi

redactado polos Enxeñeiros da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Manuel González Juanatey e D. Belén Pampín Camino, de acordo co proxecto de data abril de 2016 e que se anexa o expediente 15065-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de CENTO NOVENTA E UN MIL DEZASETE EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS -191.017,42 €.-

*EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE MONTE DA MINA, EN BASE AO CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. EXPTE. 15121/333.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:*

*Primeiro: aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto seguinte:*

- “PROXECTO DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE NO CAMPO DE FÚTBOL DO MONTE DA MINA”, cun orzamento base de licitación de cento noventa e un mil dezasete euros con coarenta e dous céntimos -191.017,42 €-, sendo o importe correspondente ao IVE, trinta e tres mil cento cincuenta e un euros con setenta e oito céntimos -33.151,78 €-.*

*Segundo: aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral, D<sup>a</sup> Ángela Fernández López, asinado con data 16/06/2016.*

*Terceiro: autorizar o gasto por un importe máximo de 191.017,42 € (cento noventa e un mil dezasete euros con coarenta e dous céntimos), sendo o importe correspondente ao IVE o de 33.151,78 € (trinta e tres mil cento cincuenta e un euros con setenta e oito céntimos), con cargo a partida na partida 3410.632.00.14 “INVESTIMENTOS MELLORA EN C. DE FUTBOL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.*

*Cuarto: abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

### *3.- PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.*

*En relación a situación actual da execución das obrigas do convenio e tendo en conta que o convenio asinado dispón:*

- Punto 1) do pacto –segundo-. O Concello de Vigo, será o responsable de coordinar a definición definitiva do plan de actuación para os diversos campos de fútbol no termino municipal de Vigo que se relaciona no anexo I.*
- Punto 3) do pacto –terceiro e cuarto-, en relación as obrigas económicas do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra que “Co fin de coordinar a previsión orzamentaria das anualidades comprometidas, se por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, as actuacións non puideran ser executadas nos prazos previstos, poderá ser solicitada prórroga nos prazos de execución.”*
- O Pacto –Decimo- en relación a vixencia do convenio establece: “A vixencia do presente convenio estendérase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015, sen prexuízo de que, de mediar algunha causa que o xustifique, poidan ser prorrogados, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo”*

*O punto 2 do Pacto –cuarto- indica: “Os proxectos que conforman as distintas actuacións, redactaranse por técnicos da Deputación de Pontevedra, sen prexuízo da colaboración*

que presten os técnicos do Concello de Vigo e de acordo ás propostas que se acorden pola Comisión de Seguimento de ser o caso.”

- O apartado d) do pacto –sexto- indica: “Si se producen desfases nos prazos de execución das obras, en relación aos acordos de financiamento, a Comisión de seguimento poderá propoñer os axustes necesarios en relación aos compromisos das anualidades.

### 3.1.- RESUMO DO ESTADO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS VINCULADAS O OBXECTO DO CONVENIO DE ACORDO CO SEGUINTE RESUMO:

| Obra/actuación   | Proxecto                             | Importe     | Licitación          | Adxudicación           | Importe     | Execución        | Finalización          | importe executado      |
|--|--------------------------------------|-------------|---------------------|------------------------|-------------|------------------|-----------------------|------------------------|
| OBRAS MANTENIMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL A BOUZA, SANTA MARIÑA, SÁRDOMA, A GUÍA | Aprobado 29/09/2015                  | 58.120,01 € | Contrato menor      | 27/10/2015             | 50.820,00 € | 2 meses          | 22/12/2015            | 50.820,00 €            |
| OBRAS DE MANTENIMENTO E REPARACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE COMESAÑA E MEIXOEIRO         | Aprobado 23/11/2015. Campo Comesaña  | 78.582,65 € | Aprobado 18/03/2016 | Adxudicado: 30/09/2016 | 62.001,71 € | Prazo de 3 meses | Previsión: 30/01/2017 | Previsión: 62.001,71 € |
|  | Aprobado 23/11/2015. Campo Meixueiro | 52.990,39 € | Aprobado 18/03/2016 | Adxudicado: 30/09/2016 | 43.681,00 € | Prazo de 2 meses | Previsión: 30/12/2016 | Previsión: 43.681,00 € |

| Obra/actuación  | Proxecto  | Importe                                    | Licitación           | Adxudicación          | Importe      | Execución        | Finalización          | importe executado |
|---|---|--|----------------------|-----------------------|--------------|------------------|-----------------------|-------------------|
| RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA   | Aprobado 20/05/2016   | 204.677,40 €                               | Aprobado 15/07/2016  | Previsión: 10/11/2016 |              | Prazo de 2 meses | Previsión: 28/02/2017 |                   |
| RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DO MONTE DA MINA  | Aprobado 20/05/2016   | 191.017,42 €                               | Aprobado 15/07/2016  | Previsión: 30/10/2016 | 160.928,79 € | Prazo de 2 meses | Previsión: 30/01/2017 |                   |
| Campo de fútbol As Relfas (Sárdoma-Moledo), instalación dunha zoa complementaria para adestramento na area anexa a porteria sur | Pendente da redacción para a aplicación das baixas das adxudicacións anteriores | Previsión inicial no convenio: 49.000,00 € | Previsión 10/02/2017 |                       |              | Prazo de 2 meses | 30/06/2017            |                   |

### 3.2.- PROPOSTA PARA A SOLICITUDE DE PRORROGA DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO.

En relación a todos os aspectos anteriormente expostos, a COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO, reunida o pasado día 16 de outubro de 2016, aprobou as seguintes propostas:

#### 1.- Informe proposta para a solicitude de prorroga do prazo de vixencia do Convenio.

En relación ó informe-proposta presentado polo Concello de Vigo, éste, como responsable de coordinar a definición definitiva do plan de actuación para os diversos campos de fútbol no termino municipal de Vigo, e co obxectivo de acadar o obxecto do convenio se propón de conformidade coa Deputación Provincial, a aprobación dunha addenda para a prorroga para a vixencia do convenio ata o 30 de xuño de 2017.

De acordo co Pacto –Decimo- en relación a vixencia do convenio establece: *“A vixencia do presente convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2015, sen prexuízo de que, de mediar algunha causa que o xustifique, poidan ser prorrogados, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo”*

Polo cal a proposta presentada polo Concello de Vigo sobre este apartado indica as seguintes cuestións:

Primeiro: Aprobar unha prórroga, ata o 30 de xuño de 2017, para a vixencia do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a realización das obras de mantemento e conservación nos campos de fútbol do término municipal de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de xullo de 2015 e asinado na mesma data.

Segundo: De acordo coa condición establecida no apartado d) do pacto sexto, o Concello de Vigo comprométese á realización das operacións orzamentarias necesarias, para manter os compromisos económicos establecidos no actual convenio, en relación o novo período de vixencia do mesmo, derivado da proposta de prórroga ata o 30 de xuño de 2017.

Terceiro: Aprobar o texto da addenda nº 2, o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de mantemento e conservación nos campos de fútbol do termino municipal de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de xullo de 2015 e asinado na mesma data, que se anexa a este expediente.

En base a estes acordos, a COMISIÓN PARITARIA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO, acordou propoñer o seguinte documento como addenda –vai anexo a este informe- ao convenio asinado que recolle as propostas anteriores, para que cada unha das institucións proceda a súa aprobación, co obxecto de proceder posteriormente a súa sinatura.

#### 4.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, previo informe xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:



Primeiro: Aprobar unha prórroga, ata o 30 de xuño de 2017, para a vixencia do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a realización das obras de mantemento e conservación nos campos de fútbol do término municipal de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de xullo de 2015 e asinado na mesma data.

Segundo: De acordo coa condición establecida no apartado d) do pacto sexto, o Concello de Vigo comprométese á realización das operacións orzamentarias necesarias, para manter os compromisos económicos establecidos no actual convenio, en relación o novo período de vixencia do mesmo, derivado da proposta de prórroga ata o 30 de xuño de 2017.

Terceiro: Aprobar o texto da addenda nº 2, o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de mantemento e conservación nos campos de fútbol do termino municipal de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de xullo de 2015 e asinado na mesma data, que se anexa a este expediente.

Cuarto: Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra, co obxecto da formalización da sinatura da Addenda e o inicio das actuacións que correspondan a cada institución.”

*“ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS DERIVADAS DA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO*

*Pontevedra, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación do Concello de Vigo que lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Doutra parte, Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ó convenio de colaboración e, con tal fin*

#### *EXPOÑEN:*

*I.- Que con data de 08/07/2015 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a realización de obras de mantemento, reparación e conservación nos campos de fútbol do termo municipal de Vigo.*

II.- Que o convenio segundo o seu pacto 1º ten por obxecto a realización de obras de mantemento e actualización dos campos de fútbol do termo municipal de Vigo, incluídos no Anexo I do convenio.

III.- Que en data 17/12/2015, de acordo coa proposta da comisión paritaria mixta, a Xunta de Goberno da Deputación aproba unha primeira Addenda ó convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a realización de obras de mantemento, reparación e conservación nos campos de fútbol do termo municipal. Esta primeira Addenda contempla a inclusión de novas actuacións non previstas inicialmente no Anexo I do convenio e estende a súa vixencia ata o 31/10/2016.

IV.- Comprobado o estado actual da execución das actuacións previstas no anexo I do convenio, segundo a redacción dada na primeira Addenda, e da imposibilidade de execución das obras previstas nos prazos estipulados, estímase convinte unha ampliación no prazo de vixencia ata 30/06/2017.

V.- Que o pacto 8º do convenio estipula que as modificacións que se fagan, sempre dentro do importe definitivo, deberán dar lugar a tramitación de addendas ó convenio.

VI.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha nova addenda ó convenio de colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia para dar continuidade ás actuacións iniciadas, co seguinte

#### PACTO

UNICO.-

As partes, co obxecto dar continuidade ás actuacións iniciadas, acordan estender a vixencia do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO", ata o remate das actuacións que se recollen no Anexo I do mesmo, sen exceder en todo caso a data de 30/xuño/2017. A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio, en relación ó novo período de vixencia.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(1047).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CORBAL. EXPTE. 3892/440.**

Dáse conta do informe-proposta do 27/10/16, da técnica de Admon. Municipal-secretaria da Mesa de Contratación:

"Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 7 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan por non ter presentado correctamente a documentación persoal:

1. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, SL
2. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL

Segundo.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo os informes do xefe da Unidade da OSPIO do 20 de outubro de 2016:

1. CONSTRUCCIONES FECHI SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L
3. HORDESCON, SL
4. ORESA, SL
5. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
6. COPCISA, S A
7. CONSTRUCCIONES OREGA, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

|    | <b>Empresas</b>  | <b>Puntuación</b> |
|----|--|-------------------|
| 1  | PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL                            | <b>86,18</b>      |
| 2  | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA        | <b>86,03</b>      |
| 3  | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL                       | <b>86,00</b>      |
| 4  | CIVIS GLOBAL, SLU  | <b>85,82</b>      |
| 5  | OGMIOS PROYECTO, SL                                      | <b>85,73</b>      |
| 6  | MONTAJES J M IGLESIAS, SL                                | <b>85,07</b>      |
| 7  | ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL     | <b>84,32</b>      |
| 8  | CONSTRUCTORA SAN JOSE, SA                                | <b>83,85</b>      |
| 9  | CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA                        | <b>83,62</b>      |
| 10 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA                             | <b>83,43</b>      |
| 11 | NAROM, SL  | <b>83,14</b>      |
| 12 | UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU                             | <b>82,21</b>      |
| 13 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU - CONSTRUCCIONES RAMIREZ, SLU | <b>81,87</b>      |
| 14 | ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA                               | <b>76,66</b>      |
| 15 | ELSAMEX, SA  | <b>76,14</b>      |
| 16 | GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL                     | <b>19,18</b>      |

Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 640,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Acordo:**

